



XUNTA
DE GALICIA

C.E.I.P. PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO - CARRIL
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa do Colexio, nº 16 - Carril 36610 – VILAGARCÍA DE AROUSA
Teléfono e fax: 886.159.060/61 Email: ceip.rosalia.carril@edu.xunta.es

GUÍA PARA AS FAMILIAS PROTOCOLO CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO CURSO 2020-21

- Durante esta difícil etapa na que nos atopamos, solicitamos a colaboración das familias, para facilitar o traballo do centro escolar ao que van asistir os/as seus/súas fill@s. Resaltar que somos docentes e non profesionais sanitarios, polo que só podemos poñer á súa disposición os medios dos que dispoñemos para que seus/súas fill@s teñan o entorno escolar máis seguro posible e seguir o protocolo da Xunta dentro das nosas posibilidades humanas.

-A **páxina web do centro** será un dos vehículos oficiais de información e é recomendable que estean pendentes das novidades que vaiamos incluíndo nela.

-Ademais, vostedes recibirán avisos importantes e comunicacións a través de **ABALAR**, polo que é conveniente que o teñan instalado **TODAS AS FAMILIAS**.

-Na páxina web poderán atopar un protocolo máis amplo que estamos a realizar para o centro e que estará colgado na web do centro antes do comezo das clases.

- A Dirección e o persoal do centro estará á súa disposición, durante todo o curso escolar en horario lectivo, para resolver ou aclarar as súas dúbidas, para o que terán os teléfonos do centro e a dirección de correo electrónico habilitadas.

TELÉFONOS DO CENTRO: 886-15-90-60/61

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.rosalia.carril@edu.xunta.es

-Ademais, haberá un **Equipo COVID** co que terán que contactar para calquera incidencia coa COVID e que estará formado por:

- Teresa Clara Pérez Méndez (Coordinadora Covid)
- María Rodríguez Rey
- Alejandro Vilaso Bretal

-Todo o noso profesorado, ao comezo de curso, estará perfectamente familiarizado co protocolo e coas novas normas de funcionamento do centro .Durante as primeiras semanas adicaremos parte das sesións a que o noso alumnado as coñeza e se familiarice con elas.

- Uso de máscaras:

A máscara debe de ser quirúrxica, homologada ou de tea homologada.

Obrigatorio: Para todo o persoal do centro e o alumnado de 1º a 6º de E. Primaria.

Recomendable: Para o alumnado de Educación Infantil.

- Durante este curso as **familias non poderán entrar no centro nin permanecer nel**. Se teñen que recoller os/as seus/súas fill@s deberán avisar con antelación mediante unha chamada telefónica ao centro. As titorías faranse todas de xeito telefónico, telemático ou por calquera outro medio que concerten co/ca titor/a a principio de curso.

COMEZO DE CURSO:

- O regreso ao colexio será escalonado:

10 de setembro:

4º e 5º de Educación Infantil*

1º, 2º e 3º de Educación Primaria

11 de setembro:

6º de Educación Infantil*

4º, 5º e 6º de Educación Primaria

*Para todo o alumnado de **Educación Infantil** se concretará nos primeiros días de setembro **un período de adaptación** do que serán informados polas propias titoras, necesario para facilitar a adaptación do/as nen@s á nova situación. Así como do **material** que deben de traer nos primeiros días.

- **Os dous primeiros días de clase** o alumnado de **Primaria** virá provisto dun **estoxo** (lapis, bolígrafos, cores, tixeiras e pegamento) unha **libreta ou axenda**, **botella de auga** e unha **merenda saúdable** seguindo o horario de merendas do curso parado .

<u>Luns:</u> Galletas	<u>Martes:</u> Bocata	<u>Mércores:</u> Froita	<u>Xoves:</u> Lácteos	<u>Venres:</u> Libre
--------------------------	--------------------------	----------------------------	--------------------------	-------------------------

Non deben traer o resto do material ata que se lles indique.(Se os libros están divididos en trimestres só traerán o do trimestre actual).

ANTES DA CHEGADA AO CENTRO:

-As familias farán a **autoenquisa de síntomas** ao alumnado antes de acudir ao centro. (**Anexo I do protocolo**) .Se presentan **un só síntoma** relacionado coa Covid 19 **NON PODEN ACUDIR AO CENTRO**.As familias serán as responsables de comprobar os síntomas e en especial a temperatura.

Non poderán traer aos seus/súas fill@s cunha temperatura **superior a 37,5 °C**, nin tratar de enmascarala con medicamentos. Tamén serán os responsables de **comunicar** calquera ausencia por síntomas da Covid-19 ou sospeita ao **Coordinador Covid**.

- As familias teñen a obriga de entregar asinada no centro antes do inicio do curso a **declaración responsable** de realizar a autoenquisa de síntomas ao alumnado (modelo adxunto).

- No caso de que se **detectase sintomatoloxía compatible coa Covid-19 na casa**, o alumno/a non acudirá ao centro e a súa familia contactará inmediatamente **co centro de saúde** de referencia do alumno/a. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co xustificante dos pais ou titores legais.

-Ante a **detección de síntomas compatibles** con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, **durante a estancia no centro** ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia (teñen unha folla que cubriron na matrícula coas persoas autorizadas nas recollidas) **que deberá presentarse no centro á maior brevidade posible**. Unha persoa da familia solicitará **consulta telefónica co seu pediatra** ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico. Se o pediatra ou facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.

-É moi importante que teñades o **teléfono de contacto co centro sempre a man** por si xurdise calquera imprevisto.

-Se algunha **persoa do núcleo familiar é sospeitosa** de padecer a COVID-19, os nenos e nenas ou o persoal do centro que convivan con elas **NON PODERÁN ACUDIR AO CENTRO** ata que se **coñeza o resultado da proba e sexa negativo**. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán esta situación e o resultado á COORDINADORA COVID do centro.

ENTRADAS E SAÍDAS DO CENTRO:

ENTRADA:

En primeiro lugar entrará o **alumnado transportado**: O alumnado transportado sairá do autobús seguindo a indicación do profesorado de garda, un a un e mantendo a distancia de seguridade para evitar aglomeracións na entrada ao centro. Este alumnado irá para a súa aula onde está o titor/a ou especialista.

*** Unha vez marchen tódolos autobuses abriranse o portalón e a cancela pequena:**

- **Portalón grande:** accederán o alumnado de:

Educación infantil: 9:20 (aprox.)

3º, 4º E.P: 9:15 (aprox.)

5º e 6º E.P.: 9:10 (aprox.)

- **Cancela pequena:** accederá o alumnado de:

1º E.P: 9:15 (aprox.)

2º E.P: 9:20 (aprox.)

O alumnado serán custodiado polo profesorado de garda unha vez entren no recinto escolar. O alumnado de 5º e 6º entrarán directamente polas escaleiras correspondentes.

Só o alumnado de Educación Infantil pode ir acompañado dun adulto que debe levar máscara ata a porta do patio cuberto.

A persoa acompañante non pode acceder ao centro. No caso de ter que dar algún tipo de aviso utilizará o teléfono ou abalarmóbil para tal fin. Evitaranse as comunicacións con titores nas entradas e saídas.

O **alumnado que chegue tarde** deberá comunicalo telefónicamente para ser recollido polo conserxe ou persoa de garda, este irá a recollelo na cancela pequena. Non pode acceder ao centro ningún acompañante sen previa cita ou salvo razóns xustificadas ou relacionadas cos procesos administrativos.

SAÍDA

- **Alumnado que non asiste ao comedor:**

A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.

O alumnado saíra pola porta correspondente e do recinto pola mesma cancela/portalón de entrada segundo o nivel.

Hora de saída:

- **13:55:** 1º E:P
- **14:00:** 2º E:P
- **14:10:** 3º e 4º E.P.
- **14:15:** 5º e 6º E.P. e Educación Infantil

O alumnado de 1º a 4º de EP será acompañado polo profesor de garda ata a cancela/portalón correspondente. O alumnado de 5º e 6º que non teña autorización para saír só será custodiado polo profesorado de garda ata a saída.

Só o alumnado de Educación Infantil pode ser recollido por un adulto que debe levar máscara ata a porta do patio cuberto.

Evitarase a formación de agrupacións tanto no recinto escolar como fóra do mesmo.

- **Alumnado transportado que asiste ao comedor:**

Serán avisados para facer filas segundo a orde de chegada do autobús.

O alumnado deberá esperar a súa quenda de acceso ao autobús en fila, todos mirando cara adiante e cunha separación de 1,5 e o alumnado maior de 6 anos sempre coa máscara posta.

- **Alumnado non transportado que asiste ao comedor:**

A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.

- **Infantil, 1º e 2º EP:**

Este alumnado estará custodiado en cada aula polo persoal colaborador e sairán:

Infantil: cada grupo pola súa porta do patio cuberto (hora aproximada 15:05) Poderá vir un adulto con máscara a recollelo.

1º: cada grupo pola cancela pequena do patio cuberto (hora aproximada 15:05)

2º: cada grupo pola cancela pequena do patio cuberto (hora aproximada 15:05)

- **3º, 4º, 5º e 6º EP:**

Este alumnado estará custodiado no comedor polo persoal colaborador e sairán de maneira graduada.

Sairán polas **escaleiras do patio grande** e serán recollidos polas súas familias no **portalón grande:**

3º Nivel: (hora aprox. 15:10) Primeiro 3º A formando fila co distanciamento de 1, 5 m e a continuación 3º B.

4º Nivel : (hora aprox. 15:10) Primeiro 4º A formando fila co distanciamento de 1, 5 m e a continuación 4º B.

5º Nivel : (hora aprox. 15:15) Primeiro 5º A formando fila co distanciamento de 1, 5 m e a continuación 5º B.

6º Nivel : (hora aprox. 15:20) Primeiro 6º A formando fila co distanciamento de 1, 5 m e a continuación 6º B.

Prégase puntualidade por parte das familias para evitar que os alumnos se mesturen.

No caso de haber irmáns en distintos grupos cada un debe estar esperando no seu nivel tanto na entrada como na saída.

Evitarase a formación de agrupacións tanto no recinto escolar como fóra do mesmo.

MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE PARA O ALUMNADO:

-Todo o alumnado do centro de E.Primaria deberá vir provisto de **máscara**: Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio.

No listado de material cada alumno debe de traer **un paquete con 5 máscaras quirúrxicas** para calquer continxencia que poida pasar.

- Traerán unha bolsiña de tea/estoxo con nome para gardar a máscara cando non sexa necesario o seu emprego (merenda/comedor), cun colgador para poder colocala no gancho lateral das mesas.

-Durante as dúas primeiras semanas de curso, o profesorado/titores, explicarán ao alumnado as medidas de hixiene xerais.

-En todos os espazos do centro o alumnado disporá de xel hidroalcohólico, xel desinfectante (este sempre baixo supervisión do profesorado), papel e papeleiras axeitadas á normativa.

-Nos **baños** haberá xabón de mans, panos desboltables e papeleiras con pedal para realizar un correcto **lavado de mans (5 veces ao día)**. Haberá tamén cartelería en cada baño recordando o correcto lavado de mans.

-O alumnado **non compartirá material** de uso propio con ningún dos seus compañeiros. Non se poderá usar material compartido sen previa desinfección.

- O alumno/a terá o **seu material organizado**: cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común). Deixará os libros e o material necesario para cada trimestre no centro dentro dunha **caixa con tapa e asa** (medidas a especificar nas titorías). Todo o material debe de ter o nome do alumno/a. No caso do alumnado de **Educación Infantil** o material será o especificado polas titoras.

- **Non está permitido traer ningún xoguete/ obxecto da casa**. Só o material especificado no listado de principio de curso.

-Non se permite traer alimentos para compartir.

-Durante o transcurso da mañá **ventilarase** con frecuencia as instalacións do centro, polo menos durante 10–15 minutos nos seguinte momentos:

- Antes do comezo da primeira sesión.
- Entre cada unha das sesións.
- Durante todo o recreo.
- Ao final da xornada.

Manteranse as xanelas abertas todo o tempo que sexa posible

- Non se realizarán eventos ou celebracións a nivel de centro para evitar aglomeracións. Para garantir a seguridade **non haberá** durante este curso, a non ser que mellore a situación, **actividades extraescolares ou complementarias nin saídas**. Aínda así poderá haber excepcións, moi puntuais e autorizadas, se se pode garantir a distancia de seguridade cun número pequeno grupo de alumnado. Si se poderán realizar de forma telemática as actividades.

FAMILIAS NO CENTRO E TITORÍAS:

IMPORTANTE: Mentres dure a pandemia, **non se permitirá a permanencia no centro das familias**, as titorías serán concertadas vía telefónica, por email ou abalarmóbil. Isto o concretará e informará cada titor/a ás familias.

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada.

Tamén se utilizará abalarmobil para comunicación de titorías e do centro.

Reunións de principio de curso coas familias: serán concretadas polo titor/a. Realizaranse por vía telemática e no caso de non poder asistir se optará por informar a estas familias vía telefónica ou en último caso se lles enviará unha circular.

- **En ningún caso**, serán posibles as comunicación coincidindo cos horarios de entrada/saída cos titores.

REUNIÓN COA ORIENTADORA DO CENTRO:

-**Para as reunións coa orientadora**, as familias poderán **solicitar cita** chamando ao teléfono do centro ou por email do centro.

- Cando se concrete a cita, acordarase tamén a modalidade na que se levará a cabo tendo en conta o tema a tratar e a dispoñibilidade e medios (telefónica, telemática ou presencial).

No caso de que a Orientadora decidira que estas foran presenciais, debido á especificidade ou complexidade das temáticas, para manter a distancia recomendada polas autoridades sanitarias, só poderá asistir un adulto.

TRÁMITES NO CENTRO:

- Para a realización de **trámites** no centro será sempre con **cita previa** telefónica ou a través do correo electrónico do centro.

EN CASO DE QUE SE PRODUZA A SUSPENSIÓN DE CLASES POR CASOS DE COVID-19 NO CENTRO:

- Nas primeiras semanas de curso, e como tarde a finais do mes de setembro, o alumnado de 3º a 6º nivel de Educación Primaria, estará rexistrado para traballar coa **Aula Virtual**; o profesorado indicarlles a forma de entrar, subir traballos e todo tipo de destrezas dixitais imprescindibles para o traballo na casa.

- No caso do alumnado de Educación Infantil, 1º e 2º nivel de Primaria continuaranse o traballo no blog ou dependendo do titor/a e especialista na aula virtual ou web do centro.
- Tamén farase un rexistro das persoas que non teñen internet ou ordenador na casa.

SERVIZO DE COMEDOR:

O comedor estará organizado en **quendas**, organizados en grupos de convivencia estables, separando os grupos por 1,5 metros un do outro. Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanquidade no caso dos grupos de convivencia estable.

Para establecer as quendas flexibilizarase a última hora do horario lectivo.

Aviso Admitidos comedor: Están admitidos no servizo de comedor o alumnado que solicitou o servizo no prazo ordinario de matrícula.

Todas estas instrucións poden ir variando según vaia evolucionando a situación e nolo indique a Consellería de Educación. Polo que é importante que estedes atentos á páxina web.